

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

12964 Orde TIN/2100/2011, do 26 de xullo, pola que se modifica a fracción de cota destinada ao financiamento da incapacidade temporal establecida no artigo 24.1 da Orde TIN/41/2011, do 18 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social, desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional, contidas na Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

A Orde TIN/41/2011, do 18 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social, desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional, contidas na Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, establece no punto 1 do artigo 24 que: «O financiamento das funcións e actividades atribuídas ás mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social para a xestión da prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns a favor dos traballadores das empresas asociadas que optasen por formalizar a cobertura con elas efectuarase durante o ano 2011 mediante a fracción de cota a que se refire o artigo 71.2 do Regulamento sobre colaboración das ditas entidades, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, aplicando o coeficiente do 0,060 sobre a cota íntegra obtida polas ditas empresas como resultado de aplicar o tipo único vixente de cotización por continxencias comúns ás correspondentes bases de cotización.»

A evolución do gasto da prestación económica de incapacidade temporal derivada de continxencias comúns xestionada polas mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social veuse reducindo de maneira notable dando lugar a un superávit que se foi incrementando no tempo e de maneira notable no último exercicio, pasando de 88,05 millóns de euros en 2009 a 309,68 en 2010. Ademais, en 2011 o gasto nesta prestación reducirase un 13 por cento respecto da cifra orzada. Todo iso fai conveniente proceder a revisar o coeficiente fixado o primeiro de xaneiro deste ano no precepto transcrito, que é o obxectivo desta orde.

Esta orde dítase en uso das atribucións conferidas no artigo 132 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, e na disposición derradeira única do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispuxen:

Artigo único. *Determinación da fracción de cota para o financiamento da incapacidade temporal.*

O coeficiente do 0,060 previsto no artigo 24.1 da Orde TIN/41/2011, do 18 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social, desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional, contidas na Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, pasa a ser do 0,050.

Disposición derradeira primeira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», aínda que o coeficiente previsto no seu artigo único deberá ser aplicado en relación coas cotas devengadas a partir do día 1 de xullo de 2011.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social para resolver cantas cuestións de índole xeral poidan xurdir na aplicación desta orde.

Madrid, 26 de xullo de 2011. O ministro de Traballo e Inmigración, Valeriano Gómez Sánchez.